

NOTA INFORMATIVA – ACTUALIZADA A 15.06.2020

Funcionamento do rexistro de empresas de inserción

O estado de alarma decretado por mor do **COVID-19** afectou a forma de actuar e relacionarnos coa Administración Pública.

No ámbito administrativo, a suspensión de prazos para a tramitación dos procedementos e as limitacións para a atención presencial obrigaron a cambiar a forma de funcionamento dos rexistros, se ben estas medidas xa foron levantadas progresivamente. Así mesmo, ditáronse normas que flexibilizan a forma e prazos para a adopción de acordos por parte das sociedades privadas, que teñen incidencia no cumprimento das obrigas rexistrais.

Mediante Decreto 90/2020, do 13 de xuño (DOG núm. 115-bis do 13.06.2020), deixáronse sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma en Galicia, con efectos das 00.00 horas do 15 de xuño.

Nesta nova situación, cómpre aclarar as condicións actuais de relación da cidadanía co rexistro de empresas de inserción.

É posible acudir presencialmente aos rexistros?

As **oficinas de atención á cidadanía e de rexistro** dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela (San Caetano), A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol, prestan atención presencial. É preciso solicitar cita previa en <https://www.xunta.gal/cita-previa>.

Así mesmo, é posible acudir presencialmente ao **Rexistro de Empresas de Inserción de Galicia**. Para garantir a atención en condicións de seguridade, é aconsellable que solicite cita previa, chamando ao teléfono que figura ao final deste documento.

Podo presentar solicitudes e outra documentación en formato electrónico?

Con carácter xeral as solicitudes e outra documentación deben presentarse a través da [Sede Electrónica](#) mediante o procedemento [IR356B](#) (Cualificación e inscrición como empresas de inserción laboral) ou ben, para calquera outro trámite, mediante o modelo xenérico [PR004A](#), dirixido á Secretaría Xeral de Emprego, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao que se xuntará a documentación que corresponda.

Non obstante, en función da documentación que queira achegar coa solicitude, cómpre distinguir os seguintes supostos:

1. Cando a documentación consista unicamente en **documentos asinados dixitalmente**, poden xuntarse ás solicitudes electrónicas, e non é preciso achegalos en formato papel.
2. Cando á solicitude deba acompañarse de **documentación asinada manualmente** debe presentarse fisicamente nas oficinas de rexistro.

Que prazo teño para contestar un requirimento ou presentar un recurso?

Dado que xa quedou sen efecto a suspensión de prazos administrativos e procesuais, os prazos para realizar trámites ou presentar recursos son os ordinarios.

Os prazos para realizar outras xestións ante o rexistro, establecidos pola normativa de empresas de inserción, seguen vixentes?

Hai que ter en conta que o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, establece no seu artigo 40 normas específicas respecto dos prazos para formular as contas anuais, realizar o informe de auditoría e aprobalas.

Así, **o prazo de tres meses para formular as contas contarase desde o 1 de xuño**. Se o órgano de administración xa tivese formuladas as contas, pero estivese pendente de realizar o informe de auditoría (obrigatoria ou voluntaria), pode facerse no prazo de dous meses desde que finalice o estado de alarma.

Pola súa parte, **a xunta xeral ordinaria para aprobar as contas debe reunirse dentro dos dous meses** seguintes ao remate do prazo para formular as contas.

En consecuencia, **o prazo para presentar as contas anuais e demais documentación á que se refiren as letras c) e d) do artigo 7 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo**, rematará cando finalice o prazo máximo para a súa aprobación en virtude do artigo 40 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, isto é, **o 31 de outubro**.

Respecto doutros prazos para realizar actuacións que deban ter efectos rexistrados e que non estean afectados polas disposicións anteriores, ao prazo establecido pola normativa hai que engadirlle o tempo durante o cal estivo suspendido (desde o 14 de marzo ata o 11 de maio).

É válida a reunión dos órganos sociais realizada por medios telemáticos?

Segundo o citado artigo 40 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, aínda que os estatutos non o contemplen, e **ata o 31 de decembro de 2020, os órganos de goberno e administración poderán reunirse a través de videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple**, sempre que todos os membros dispoñan dos medios necesarios e o

secretario recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta.

Así mesmo, aínda que non estea previsto nos estatutos, **ata o 31 de decembro de 2020**, estes órganos tamén poderán adoptar **acordos por votación por escrito e sen haber sesión**, sempre que o decida a presidencia, que ten que aprobalos se o solicitan polo menos dous membros do órgano.

Tamén as **xuntas ou asembleas de persoas socias** poderán celebrarse **ata o 31 de decembro de 2020 por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple**, sempre que todas as persoas con dereito a asistencia ou os seus representantes dispoñan dos medios necesarios, e o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta.

Se temos que paralizar a actividade empresarial debido ao estado de alarma, terá consecuencias de cara ao mantemento da cualificación como empresa de inserción?

Agás que se dispoña outra cousa en normativa estatal que poida ditarse ao respecto, o tempo durante o que se suspenda a actividade a consecuencia directa da situación de pandemia non se considerará incumprimento das condicións para manter a cualificación como empresa de inserción.

Do mesmo xeito, se estas circunstancias obrigan a suspender parte dos contratos de traballo (ERTE) acolléndose ao Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, e como consecuencia se incumpra a porcentaxe mínima esixida de persoas en inserción, non se terá en conta para os efectos de manter a cualificación como empresa de inserción.

PARA CALQUERA CONSULTA PODE DIRIXIRSE A

economiasocial.emprego@xunta.gal

Teléfono: 981 981 957 746